

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE MARZO DE 2018**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA	11
5.1.	Temperatura media das máximas.	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2018.	17
6	PRECIPITACIÓN	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual marzo 2018	19
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	20
6.3.	Días de chuvia en marzo de 2018	21
6.4.	Evolución da precipitación en marzo de 2018.	23
7	VENTO	24
8	RADIACIÓN SOLAR	29
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual	29
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.	30
9	RAIOS	31

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 11/04/2018



Mes moi chuvioso e moi frío.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.

2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de marzo quedou marcado pola chegada moi frecuente de borrascas atlánticas que foron aportando moita inestabilidade e aire frío, de forma que o mes foi moi húmido e chuvioso, con precipitacións acumuladas que nalgúns puntos da metade leste de Galicia son rexistros récord na serie histórica.

Así, o primeiro día do mes comezamos cunha destas borrascas atlánticas, a borrasca “Enma”, que deixabauvia persistente, de intensidade moderada que daba lugar a avisos por ventos euvia.

A seguinte borrasca chegaba ao día seguinte pola tarde, con novos avisos por vento e tamén con chuvias intensas, continuando a situación de inestabilidade os días 3, 4 e 5.

As xornadas do 6, 7 e 8 foron algo máis tranquilas con menores chuvias, aínda que o día 6 entraba aire frío e tivemos avisos por neve.

O día 8 foi o primeiro día do mes no que non se emitiron avisos por ningún fenómeno meteorolóxico adverso, aínda que si houbo algunhas precipitacións.

Entre os días 9 e 11 Galicia sufriu os efectos da borrasca “Félix”. Estes efectos notáronse en tres fases diferentes, fortes ventos e intensas chuvias nas primeiras horas do venres, na madrugada do sábado e xa o domingo máis sostido durante toda a xornada. Ademais o domingo tivemos aviso vermello por ondas, xa que “Félix” ocasionaba a presenza no litoral de mar combinada, con ondas que superaron os 8 metros de altura.

A dúas xornadas seguintes, o 12 e o 13, foron de transición, con tempo máis tranquilo, aínda que con certo grao de inestabilidade que provocaba algunhas chuvias febles e ocasionais. E sen solución de continuidade, o día 14 chegaba a seguinte borrasca profunda e activa, neste caso a borrasca “Gisele”, que entre os días 14 e 17 deixou moita inestabilidade con avisos poruvia, vento e ondas.

Os días 18, 19 e 20 foron máis tranquilos, con situacións intermedias e ventos de compoñente norte, que deixaban temperaturas baixas e precipitacións en forma de neve en puntos do interior.

O día 21 foi a segunda xornada do mes na que non houbo avisos por ningún meteoro en toda Galicia, sendo a única realmente anticiclónica en todo o mes, posto que a medida que foi avanzando o día 22 foise achegando rapidamente unha nova borrasca que pola súa

intensidade foi nomeada como borrasca “Hugo”, deixando o día 23 fortes ventos e chuvias intensas en toda Galicia, principalmente durante a tarde.

Unha vez que “Hugo” foise afastando de Galicia, a situación foi mellorando, pero ao día seguinte tivemos unha nova alerta vermella no mar, xa que ao igual que sucedera coa borrasca “Félix” a altura das ondas volvía a superar os 8 metros de altura. Esa xornada do 24 foi tamén problemática polos chuvascos de neve que caían en cotas relativamente baixas.

Xa o día 25 a estabilidade foi en aumento e as xornadas do 26 e 27 foron tranquilas, de situación intermedia, co paso dunha fronte cálida na tarde do 26 que deixou algunhas chuvias e apertura de claros con temperaturas suaves na tarde do 27, sendo esta a única xornada na que se superaron os 20°C nalgúns puntos da Comunidade.

Na xornada do 28 unha nova borrasca chegaba a Galicia, aportando novas chuvias xeneralizadas, que continuaron os días 29 e 30, de xeito máis intermitente, pero con progresiva baixada das temperaturas, o que deixaba unha cota de neve en descenso e avisos e problemas coa sarabia o xeo e a neve nesas dúas xornadas.

O derradeiro día do mes a situación atmosférica foise estabilizando, pero pola tarde aínda se rexistraban algunhas chuvias febles na metade oeste por mor do paso dunha fronte cálida.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Nos mapas de anomalías de presión tanto en superficie (Figura 1) como en altura (Figura 2) pódese observar unha anomalía negativa moi forte, que mesmo acadou os valores máis baixos da escala de cores. Estas anomalías mostran como durante o mes de marzo, os centros de baixas presións estiveron sobre a Comunidade galega, con ventos predominantes do noroeste. Así mesmo, o aire frío de procedencia continental fixo que as temperaturas fosen moi frías para esta época do ano.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Marzo-2018.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Marzo-2018.

4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de Meteogalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



A CORUÑA

	MARZO 2018 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	10.8/10.6	12.3	15.0 (1997)	9.2 (1971)
Tª mínima media	81/7.7	9.2	11.2 (1957)	6.3 (1971)
Tª mínima absoluta	2.8/2.6 (día 22)	0.6 (01/03/1993)		
Tª mínima máis alta	13.4/13.2 (día 9)	17.0 (10/03/1981)		
Tª máxima media	13.6/13.5	15.4	19.4 (1997)	12.0 (1971)
Tª máxima absoluta	19.0/18.7 (día 9)	28.2 (29/03/1965)		
Tª máxima máis baixa	10.4/10.1 (día 19)	6.4 (07/03/1971)		
Precipitación acumulada	174	50-80	262 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	24	12	26 (2001)	0 (1997)

Comentario: Mes moi frío en xeral tendo en conta todas as temperaturas. A precipitación acumulada é moi superior ao rango de valores normais, considerándose o mes moi húmido. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia moi próximos aos de 2001.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2018 Temperatura: 1948-2018

SANTIAGO

	MARZO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	8.4	11.3	14.7 (1997)	9.1 (1984)
Tª mínima media	5.1	6.5	9.1 (2001)	4.1 (1984)
Tª mínima absoluta	0.3 (día 22)	-4.2 (02/03/2005)		
Tª mínima máis alta	12.0 (día 9)	13.8 (26/03/2006)		
Tª máxima media	11.6	16.0	22.1 (1997)	13.4 (2016)
Tª máxima absoluta	15.9 (día 9)	28.6 (24/03/2002)		
Tª máxima máis baixa	8.8 (día 19)	5.6 (01/03/1993)		
Precipitación acumulada	394	96-151	637 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	27	13	29 (2001)	0 (1997)

Comentario: Mes extremadamente frío tendo en conta as temperaturas medias e máximas (onde a diferenza é de -4.4 °C con respecto ao valor climático). En ambos casos rexistráronse os valores mínimos da serie. Para as temperaturas mínimas o mes considerouse moi frío. A chuvia rexistrada tamén foi moi superior ao rango de valores normais, o que se reflicte tamén no número de días de chuvia. Aínda así queda lonxe do rexistro de precipitación mensual no ano 2001.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2018. Temperatura: 1982-2018



LUGO

	MARZO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	7.1	9.5	12.6 (1997)	6.1 (1984)
Tª mínima media	3.0	4.0	6.9 (2001)	1.8 (1984)
Tª mínima absoluta	-3.2 (día 22)	-8.4 (02/03/2005)		
Tª mínima máis alta	10.4 (día 9)	16.0 (10/03/1981)		
Tª máxima media	11.3	14.9	21.9 (1997)	9.5 (1970)
Tª máxima absoluta	17.8 (día 27)	27.7 (23/03/2002)		
Tª máxima máis baixa	5.8 (día 20)	4.0 (01/03/1993)		
Precipitación acumulada	305	48-81	277 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	24	11	26 (2001)	0 (1997)

Comentario: Mes moi frío en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación mensual rexistrada foi a máxima da serie superándose o valor de 2001, co que o mes considérase extremadamente húmido. O número de días de chuvia tamén foi moi superior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1981-2018. Temperatura: 1981-2018

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	MARZO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	10.3	12.0	14.5 (1997)	8.9 (1970)
Tª mínima media	6.7	6.6	9.3 (2001)	3.4 (1970)
Tª mínima absoluta	1.1 (día 22)	-3.5 (02/03/2005)		
Tª mínima máis alta	12.9 (día 9)	15.0 (31/03/1965)		
Tª máxima media	13.9	17.4	22.6 (1997)	13.6 (1975)
Tª máxima absoluta	17.8 (día 13)	28.9 (23/03/2002)		
Tª máxima máis baixa	11.5 (día 30)	8.6 (19/03/1980)		
Precipitación acumulada	366	87-131	571 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	25	12	29 (2001)	0 (1997)

Comentario: Mes moi frío en temperatura media no que pódese ver un gran contraste entre as temperaturas mínimas medias que resultaron normais, e as máximas medias, polas que o mes considérase extremadamente frío, moi preto do mínimo histórico da serie en 1975.

A chuvia rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, pero quedou moi lonxe do valor rexistrado no 2001 (máximo histórico da serie). O número de días de chuvia tamén foi moi superior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1958-2018. Temperatura: 1958-2018



OURENSE

	MARZO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	9.1	11.9	14.8 (1997)	8.5 (1984)
Tª mínima media	4.5	5.0	9.3 (2001)	1.0 (1973)
Tª mínima absoluta	-1.9 (día 21)	-6.8 (02/03/2005)		
Tª mínima máis alta	10.0 (día 9)	15.0 (10/03/1981)		
Tª máxima media	13.7	18.7	25.4 (1997)	13.6 (1975)
Tª máxima absoluta	21.7 (día 27)	30.6 (23/03/2002)		
Tª máxima máis baixa	9.2 (día 30)	5.6 (13/03/1984)		
Precipitación acumulada	265	38-50	298 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	22	9	26 (2001)	0 (1997)

Comentario: Mes moi frío en temperatura media no que contrastan as mínimas que resultaron normais e as máximas, que foron extremadamente frías, moi preto do mínimo histórico da serie rexistrado en 1975. A chuvia rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais considerándose o mes moi húmido. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia moi elevado con respecto ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2018. Temperatura: 1972-2018

5 TEMPERATURA

As temperaturas medias estiveron moi por debaixo do agardado nun mes de marzo, principalmente nos valores diúrnos. Isto debeuse á ausencia de situacións anticiclónicas que deixasen ceo despegado e puidesen achegar aire cálido dende o sur e tamén ao feito de que moitas borrascas chegan do noroeste con moito aire frío no interior.

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de marzo de 2018.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de marzo para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 10.1 °C. Os valores máis altos rexistráronse no Baixo Miño, o Condado e rexións do litoral con valores próximos aos 15. Por outra banda, os valores máis baixos déronse principalmente no interior da Comunidade, destacando como é normal as zonas de alta montaña, nas que se chegaron a rexistrar máximas que non superaron os 0 °C de temperatura máxima media.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de marzo para o territorio galego foi de 3.1 °C, onde nos lugares de Alta Montaña das provincias de Lugo e Ourense rexistraron valores que estiveron por debaixo dos -4 °C, mentres que os valores máis altos, no concello de Vigo e algunhas localidades da Península do Morrazo acadaron valores próximos aos 9°C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de marzo de 2018.

5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de marzo, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de $-2.8\text{ }^{\circ}\text{C}$. Neste mes, as anomalías máis baixas están por debaixo dos $-6.0\text{ }^{\circ}\text{C}$, sendo máis frías no interior, pero afectando esta baixada de forma moi homoxénea en toda a Comunidade. Neste caso, os valores máis altos da anomalía ($0\text{ }^{\circ}\text{C}$, normais) de temperatura media, precisamente están na alta montaña, onde as máximas adoitan ser máis baixas.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media ($^{\circ}\text{C}$) de marzo respecto ao período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías sempre negativas, máis altas (Táboa 1) e máis baixas (Táboa 2) da Comunidade, oscilaron entre os -0.8°C e os case -5°C , destacando as zonas altas da provincia de Ourense.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía ($^{\circ}\text{C}$)
Negueira de Muñiz	Lugo	-0.8
Cambre	A Coruña	-0.9
Cariño	A Coruña	-1.0
Carballo	A Coruña	-1.0
Mondoñedo	Lugo	-1.0
Xove	Lugo	-1.1
Betanzos	A Coruña	-1.1
Lourenzá	Lugo	-1.1
Bergondo	A Coruña	-1.2
Arteixo	A Coruña	-1.2

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de marzo de 2018.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía ($^{\circ}\text{C}$)
Vilariño de Conso	Ourense	-4.8
Mezquita (A)	Ourense	-4.5
Gudiña (A)	Ourense	-4.5
Castrelo do Val	Ourense	-4.5
Veiga (A)	Ourense	-4.4
Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-4.4
San Xoán de Río	Ourense	-4.3
Verea	Ourense	-4.2
Montederramo	Ourense	-4.2
Manzaneda	Ourense	-4.1

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de marzo de 2018.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de marzo de 2018 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. As xornada do 27 de marzo rexistráronse os valores máis altos de temperatura, por debaixo e por enriba dos 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de marzo de 2018				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
27/03/2018	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	22.1
27/03/2018	Míllara	PANTÓN	Lugo	21.9
09/03/2018	Pedro Murias	RIBADEO	Lugo	21.8
27/03/2018	Ourense	OURENSE	Ourense	21.7
27/03/2018	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	21.6
27/03/2018	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	21.6
27/03/2018	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	21.4
09/03/2018	Lourenzá	LOURENZÁ	Lugo	21.1
09/03/2018	Vilamor	MONDOÑEDO	Lugo	21.0
27/03/2018	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	20.9

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de marzo de 2018 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de marzo de 2018				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
27/03/2018	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	17.4
27/03/2018	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	15.9
27/03/2018	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	15.0
27/03/2018	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	14.4
27/03/2018	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	14.1
27/03/2018	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	13.1
27/03/2018	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	12.0
27/03/2018	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	10.5
27/03/2018	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	10.5
27/03/2018	Ancares	CERVANTES	Lugo	10.4

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de marzo de 2018 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de marzo de 2018 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Destacaron as xornadas do 21 e o 22 como as máis frías do mes.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de marzo de 2018				
<u>por enriba dos 1000m de altitude</u>				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
21/03/2018	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-9.5
21/03/2018	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-8.9
21/03/2018	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-8.7
21/03/2018	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-7.5
21/03/2018	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-7.1
21/03/2018	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	-6.2
21/03/2018	Ancares	CERVANTES	Lugo	-5.9
21/03/2018	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-5.8
21/03/2018	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-5.4
22/03/2018	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-5.2

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de marzo de 2018 altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de marzo de 2018				
<u>por debaixo dos 1000m de altitude</u>				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
22/03/2018	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-8.0
21/03/2018	Baltar	BALTAR	Ourense	-6.3
22/03/2018	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-5.1
22/03/2018	Morelle	SARRIA	Lugo	-5.0
22/03/2018	Castro R. de Lea	CASTRO DE REI	Lugo	-4.5
22/03/2018	Lanzós	VILALBA	Lugo	-4.4
22/03/2018	Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	-4.4
22/03/2018	Ventosa	NAVIA DE SUARNA	Lugo	-4.2
22/03/2018	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	-4.1
22/03/2018	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	-4.0

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de marzo de 2018 altitude inferior a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2018.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2018 para esta serie foi 8.5 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2018 para marzo.

A anomalía media da temperatura para este mes de marzo en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de -2.33 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como moi frío, sendo o máis frío dos últimos 34 anos. Isto debeuse principalmente ás temperaturas máximas, que resultaron extremadamente frías, acadándose unha anomalía de -3.93 °C, o mesmo valor que o mínimo histórico dende 1961, rexistrado no ano 1975. En tanto ás temperaturas mínimas, esta anomalía non foi tan baixa, aínda que o mes resultou moi frío, cunha anomalía de -0.74 °C, co antecedente máis próximo no ano 2009.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en marzo, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións foron moi cuantiosas debido á continua chegada de borrascas activas dende o Atlántico, o que fixo que as cantidades acumuladas sexan moi importantes. E non soamente a cantidade de chuvia estivo moi por riba do agardado, senón que o número de días de chuvia tamén foi moi destacado. Así, case de forma xeneralizada os valores mensuais estiveron moi por encima do percentil 95 e nalgúns casos, como por exemplo se viu na cidade de Lugo, no resumo climatolóxico do apartado 3 deste informe, se superou o valor máximo acadado no ano 2001.

A chuvia media no mes de marzo obtida a partir dos valores do mapa (figura 4) foi de 343 L/m², na que se pode ver coma nas provincias de A Coruña e Pontevedra se acadaron rexistros que mesmo superaron nalgúns puntos os 500 L/m². Os valores no resto da Comunidade aínda que menores, tamén foron moi elevados para esta época do ano, sendo os máis baixos os rexistrados na Mariña Luguesa e na comarca de Valdeorras.



6.1. Precipitación acumulada mensual marzo 2018




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de marzo de 2018.

6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de marzo con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi de máis de 300 % por riba dos valores normais no período de referencia 1981-2010. Destaca a provincia de Lugo, pero tamén toda a zona da baixa Limia, onde houbo unha porcentaxe de máis de 450% por riba do normal.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de marzo de 2018.

6.3. Días de chuvia en marzo de 2018

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m^2) foi de 24.5. Os valores máis altos tiveron lugar no terzo norte da Comunidade, onde se acadaron máis de 27 días de chuvia. Os valores máis baixos no interior da Comunidade, pero en ningún caso baixaron dos 20 días, moi por riba do habitual nun mes de marzo.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m^2 durante o mes de marzo de 2018.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de marzo. Pódese observar que as precipitacións acumuladas máis altas acadadas este mes superan os 550 L/m², en moitas localidades. Destacan ademais das provincias de Pontevedra e A Coruña, a comarca da Baixa Limia, con rexistros moi elevados de precipitación. Nas xornadas do 9 e o 10 de marzo os valores acumulados estiveron por riba dos 60 L/m².

Precipitacións acumuladas máximas en marzo de 2018			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	636
Pereira	FORCAREI	Pontevedra	621
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	587
Xurés	MUÍÑOS	Ourense	575
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	536
Entrimo	ENTRIMO	Ourense	534
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	532
Labrada	ABADÍN	Lugo	516
Lesende	LOUSAME	A Coruña	516
Muralla	LOUSAME	A Coruña	512

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de marzo de 2018.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	88	10/03/2018 18:30
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	83	13/03/2018 23:10
Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	81	09/03/2018 03:30
Pereira	FORCAREI	Pontevedra	79	10/03/2018 15:50
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	76	10/03/2018 14:10
Entrimo	ENTRIMO	Ourense	74	10/03/2018 21:10
Amiudal	AVIÓN	Ourense	72	10/03/2018 20:00
Río do Sol	CORISTANCO	A Coruña	72	13/03/2018 23:10
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	72	09/03/2018 01:20
Lesende	LOUSAME	A Coruña	67	01/03/2018 00:10

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de marzo de 2018.

6.4. Evolución da precipitación en marzo de 2018

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2018, para esta serie, foi 343 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2018 para marzo.

A anomalía media das precipitacións para este mes de marzo en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 262 % por encima do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como moi húmido, de feito foi o segundo ano máis húmido de toda a serie, tan só superado polo ano 2001.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en marzo, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Foron moitas as localidades e xornadas nas que se superaron os 100 km/h neste mes de marzo. Destacan as xornadas asociadas ao paso das borrascas atlánticas “*Enma, Felix, Gisele e Hugo*” nas que ademais dos ventos fortes rexistrados, tamén destacou a persistencia dos mesmos.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en marzo				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
11/03/2018	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	155.7
10/03/2018	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	153.0
10/03/2018	Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	136.2
14/03/2018	Ancares	CERVANTES	Lugo	133.6
10/03/2018	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	132.8
10/03/2018	Castro Vicaludo	OIA	Pontevedra	131.7
14/03/2018	Lira	CARNOTA	A Coruña	129.5
24/03/2018	Malpica	MALPICA DE BERGANTIÑOS	A Coruña	128.9
14/03/2018	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	127.9
14/03/2018	Muralla	LOUSAME	A Coruña	127.7
14/03/2018	Río do Sol	CORISTANCO	A Coruña	123.1
10/03/2018	Vigo-Campus	VIGO	Pontevedra	121.4
14/03/2018	Xares	VEIGA (A)	Ourense	121.1
14/03/2018	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	119.6
10/03/2018	Cabo Udra	BUEU	Pontevedra	119.3
14/03/2018	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	117.9
11/03/2018	Amiudal	AVIÓN	Ourense	116.8
30/03/2018	Malpica	MALPICA DE BERGANTIÑOS	A Coruña	116.6
10/03/2018	Burela	BURELA	Lugo	116.5
24/03/2018	Fontaneira	BALEIRA	Lugo	116.5
09/03/2018	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	113.8
10/03/2018	Camariñas	CAMARIÑAS	A Coruña	113.6
14/03/2018	A Pontenova	PONTENOVA (A)	Lugo	113.6
11/03/2018	Marco da Curra	MONFERO	A Coruña	113.1



Refachos máximos superiores aos 100 km/h en marzo				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
10/03/2018	Punta Langosteira	ARTEIXO	A Coruña	112.5
14/03/2018	Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	112.1
10/03/2018	Ons	BUEU	Pontevedra	109.9
24/03/2018	Cariño	CARIÑO	A Coruña	109.3
14/03/2018	Serra do Faro	RODEIRO	Pontevedra	109.0
10/03/2018	Foz	FOZ	Lugo	107.2
11/03/2018	Sálvora	RIBEIRA	A Coruña	107.0
14/03/2018	Corón	VILANOVA DE AROUSA	Pontevedra	105.7
11/03/2018	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	105.1
14/03/2018	Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	105.0
14/03/2018	CIS Ferrol	FERROL	A Coruña	104.5
14/03/2018	Fragavella	ABADÍN	Lugo	104.4
23/03/2018	Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	104.4
10/03/2018	A Lanzada	GROVE (O)	Pontevedra	103.7
10/03/2018	Illas Cíes	VIGO	Pontevedra	102.6
23/03/2018	Porto de Vigo	VIGO	Pontevedra	102.3
11/03/2018	Corno do Boi	FRIOL	Lugo	102.0
14/03/2018	Corrubedo	RIBEIRA	A Coruña	101.8
10/03/2018	Coruña-Dique	CORUÑA (A)	A Coruña	100.5

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de marzo.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	129.5	SO	5		
		Día 14				



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Pta. Candieira	Cedeira	127.9	SO	1		
		Día 14				
Malpica	Malpica	128.9	O	1		
		Día 24				
Marco da Curra	Monfero	113.1	SO	2		
		Día 11				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de marzo de 2018 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	116.5	S	1		
		Día 10				



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Ancares	Cervantes	133.6	S	8		
		Día 14				

Táboa 11: Resumo vento no mes de marzo de 2018 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	113.8	SO	3		
		Día 9				
Rodicio	Maceda	92.0	SO	4		
		Día 11				
Gandarela	Celanova	89.6	NO	14		
		Día 14				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de marzo de 2018 na provincia de Ourense.



PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	105.0	S	5	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Fornelos de Montes (10096) # 03/2018 03/2018</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Fornelos de Montes (10096) # 03/2018</p>
		Día 14				
Ons	Bueu	109.9	O	2	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Ons (19126) # 03/2018 03/2018</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Ons (19126) # 03/2018</p>
		Día 10				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de marzo de 2018 na provincia de Pontevedra.

8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de marzo de 2018.

8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou neste mes de marzo 1996 raios. Como se pode observar estes raios foron detectados en practicamente todas as xornadas do mes, destacando os días 2 e 30 (figura 15).




Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en marzo de 2018.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias, como se pode ver, a ocorrencia dos mesmos foi superior na provincia de A Coruña, mentres que no resto das provincias galegas a proporción de raios detectados foi bastante similar.

nº de raios detectados en marzo de 2018 por provincias




Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en marzo de 2018.



Na figura 17, pódese ver o número total de raios rexistrados en marzo en Galicia dende o ano 2010 ao 2018. Nesta gráfica pódese observar como este neste mes se detectou o maior número de raios dende que a rede de detección empezou a rexistrar.



Figura 17: Número total de raios rexistrados en marzo dende 2010 a 2018.

MeteoGalicia
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.
Xunta de Galicia



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 3

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
A Coruña																											
A Gándara	6.7	9.44	13.3	9	4.2	0.5	22	371	56.6	1	329	86	96	71	28	104	951	31	153	10	960	29	0				
Aldea Nova	7.9	11.08	16.9	9	5.2	1.3	22	331	39.8	1	277	87	99	70	18	54	759	15	95	23	971	30	0				
Arzúa	6.8	10.65	16.6	9	3.2	-3.2	22	447	41.0	1	407	90	99	71	25	92	896	10	76	11	963	29	3				
Camariñas	10.7	12.41	14.9	9	8.1	3.2	22	213	37.6	10	147	78	91	64	37	136	1114	25	113	10	1006	29	0				
Cariño	10.8	13.19	19.6	9	8.0	3.6	2	307	36.4	1	239	75	88	62	30	110	1016	21	109	24	1004	27	0				
Cespón	9.7	13.5	16.2	13	6.0	-0.4	22	400	40.0	1	349	87	99	65	30	110	987	10	87	10	1002	29	1				
CIS Ferrol	9.9	13.34	18.5	9	6.8	-0.1	22	255	37.9	1	197	81	97	61	30	109	970	15	104	14	1002	29	1				
Corrubedo	10.5	13.57	16.2	12	7.4	3.6	22	267	39.1	1	203	80	93	64	35	130	1101	22	101	14	1003	28	0				
Coruña-Dique	10.6	13.02	18.4	9	7.8	1.7	22	186	28.6	1	-	73	87	57	-	-	-	25	100	10	1006	28	0				
Coruña-Torre de Hércul	10.8	13.62	19.0	9	8.1	2.8	22	174	26.5	1	-	71	85	57	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	28	0	
*Costa	8.9	12.35	15.7	9	5.4	-0.5	22	484	46.5	1	-	88	99	72	-	-	-	6	64	11	986	28	1				
*Coto Muiño	7.5	11.68	15.0	13	3.7	-3.8	22	438	63.8	14	-	93	99	73	-	-	-	6	70	9	-	28	2				
Fontecada	7.1	10.44	13.4	9	3.9	-1.2	22	586	82.9	14	540	84	93	67	27	101	931	17	112	14	963	29	1				
*Guísamo	9.0	12.93	18.1	9	5.8	0.4	22	276	44.2	1	-	76	87	57	-	-	-	4	50	14	985	29	0				
*Lesende	8.9	12.11	14.8	13	5.6	0.6	22	515	67.2	1	463	79	89	63	27	100	910	9	70	14	987	29	0				
Lira	9.3	11.89	14.2	13	6.7	3.8	22	233	39.6	1	179	83	96	68	33	121	1026	31	129	14	-	29	0				
Mabegondo	8.9	13.15	18.7	9	4.7	-3.7	22	325	38.7	1	274	86	99	66	33	119	1028	12	84	14	995	29	3				
Malpica	9.3	12.63	17.3	9	6.2	2.5	2	236	37.7	1	178	82	95	66	39	145	1101	30	128	24	986	28	0				
Marco da Curra	4.9	8.01	14.1	9	2.2	-1.3	2	361	29.6	14	330	91	98	76	20	75	785	26	113	11	930	29	4				
Melide	6.2	10.4	16.8	9	2.8	-1.8	21	394	34.8	11	355	89	98	70	22	83	834	10	85	11	951	29	2				
Muralla	5.4	8.08	11.7	9	3.0	0.1	22	512	47.7	1	492	96	100	85	17	65	639	28	127	14	929	29	0				
*O Val	9.8	13.33	19.0	9	6.5	-1.0	22	273	34.1	1	-	78	91	63	-	-	-	7	70	24	997	28	1				
Olas	6.7	10.47	15.4	9	3.3	-1.1	22	413	34.4	30	378	91	100	69	22	82	802	18	90	14	-	29	2				
*Ordes	7.5	11.84	16.5	9	3.3	-3.6	22	382	40.4	1	-	84	94	65	-	-	-	6	67	14	974	29	4				
*Paramos	7.3	10.61	13.9	9	3.9	-1.5	22	532	62.8	14	-	92	99	77	-	-	-	13	66	11	964	29	2				
*Pazo de Galegos	8.5	12.18	16.9	9	5.1	-1.1	22	390	38.5	1	345	90	99	72	28	104	940	5	57	14	980	26	1				
Punta Candieira	8.7	11.06	17.3	9	6.1	3.3	1	153	27.8	1	100	82	96	67	28	105	925	40	127	14	974	26	0				
Punta Langosteira	10.7	12.83	17.9	9	8.3	3.2	22	185	22.0	1	-	75	89	61	34	126	1025	29	112	10	1003	26	0				
Río do Sol	5.7	9.18	12.9	27	2.8	-0.4	22	482	71.8	14	449	92	98	74	26	97	884	26	123	14	943	29	1				
*Rus	9.1	13.28	17.6	9	5.3	-2.4	22	391	57.1	1	-	85	96	65	-	-	-	7	58	10	990	28	2				
Sálvora	11.1	12.59	14.4	21	8.8	4.9	22	316	40.0	1	247	79	91	66	39	143	1168	30	106	11	-	27	0				
Santiago-EOAS	8.2	11.6	15.9	9	5.1	0.3	22	393	39.0	1	348	86	98	67	27	99	905	11	84	14	976	27	0				
Santiago-San Lázaro	7.9	11.1	15.5	9	5.1	-0.4	22	345	35.7	1	298	83	93	67	27	99	912	13	80	11	970	27	1				
Sergude	8.1	12.02	16.7	9	4.7	0.5	22	367	33.1	14	-	87	98	68	25	93	843	-	-	-	-	28	0				
Serra da Faladoira	5.7	9.19	16.1	9	2.6	-0.3	2	382	35.8	30	345	89	99	70	27	98	899	26	104	23	938	29	2				

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 3

Provincia Estación	T ^o C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días			
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max		Día	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max		Día	Med. hPa	Choiva	Xeada
Ourense																											
A Mezquita	2.8	6.64	15.9	27	-0.3	-4.7	22	362	49.8	9	272	87	97	69	24	92	921	12	77	23	892	25	19				
*A Portela	7.6	12.47	19.9	27	3.9	-2.6	21	255	23.2	1	199	79	96	54	30	112	1016	8	73	14	-	27	2				
*A Trabe	5.0	8.73	18.3	27	2.0	-1.3	22	326	51.3	14	279	84	94	67	29	110	982	6	59	1	918	24	4				
Alto do Rodicio	3.2	6.32	14.7	27	0.6	-3.8	21	315	30.1	11	287	95	100	80	20	75	815	20	91	11	895	28	14				
Amiudal	6.2	10.36	17.5	27	3.0	-0.5	22	510	63.4	11	465	86	96	67	29	108	1007	19	116	11	943	27	2				
As Petarelas	5.8	10.7	18.5	27	2.1	-3.4	21	282	30.6	24	-	82	97	57	31	113	1045	-	-	-	-	26	5				
Baltar	4.5	9.02	17.1	27	0.5	-6.3	21	358	40.6	14	311	87	100	63	34	126	1110	12	83	11	915	27	10				
Cabeza de Manzaneda	-1.7	0.7	6.0	27	-4.4	-8.9	21	402	71.3	9	--	98	100	93	--	--	830	39	117	14	812	28	29				
*Calvos	4.1	7.92	17.2	27	0.5	-8.0	22	419	42.3	2	382	91	100	73	28	104	963	14	84	11	-	27	7				
Casaio	2.0	5.47	13.1	27	-0.8	-5.4	21	137	16.3	14	-	82	97	58	-	-	-	12	105	11	-	27	22				
*Corzos	1.8	5.46	14.1	27	-1.3	-7.5	21	304	40.6	14	-	89	96	72	-	-	-	12	64	14	-	28	21				
Entrimo	5.1	9.11	17.7	27	2.0	-2.6	21	534	71.8	11	-	92	99	76	23	86	845	-	-	-	-	27	4				
*EVEGA Leiro	8.6	14.49	21.6	27	3.8	-3.2	22	314	32.0	1	-	83	96	56	-	-	-	3	47	8	995	26	4				
Gandarela	6.3	11.12	18.9	27	2.8	-0.9	21	318	33.8	14	269	88	98	68	35	128	1090	12	89	14	936	27	2				
Lardeira	-1.1	1.98	10.5	27	-4.0	-9.5	21	106	18.2	24	--	97	100	86	20	75	864	38	155	11	826	25	30				
*Larouco	6.9	11.41	19.5	27	3.3	-2.5	21	195	16.8	14	-	72	87	51	-	-	-	5	50	14	947	27	2				
Laza	5.9	10.49	19.5	27	2.4	-3.1	22	333	55.6	9	286	85	97	62	28	104	972	7	70	4	-	26	4				
Monte Medo	5.9	9.81	17.7	27	2.7	-2.3	22	337	32.4	9	-	85	96	66	27	99	951	-	-	-	-	27	2				
O Invernadeiro	2.7	6.48	17.4	27	-0.2	-5.2	22	536	76.5	11	495	89	98	74	25	92	897	10	76	2	891	27	20				
Ourense	8.8	13.72	21.7	27	4.5	-1.9	21	265	24.8	5	-	76	93	52	-	-	-	-	-	-	-	26	3				
Ourense-Estacións	9.4	14.26	22.0	27	5.4	-0.6	22	266	24.7	15	211	77	93	53	26	99	955	5	66	14	993	25	2				
*Pazo de Fontefiz	7.1	11.21	19.7	27	3.4	-1.6	22	323	38.5	9	277	81	91	62	23	87	855	5	47	20	959	26	2				
*Ponte Boga	7.5	11.54	19.6	27	3.9	-2.7	22	249	28.2	14	187	70	85	52	29	106	1013	7	61	11	953	26	2				
*Prado	8.9	14.09	21.4	27	4.8	-2.0	22	311	35.7	9	-	81	94	59	-	-	-	3	45	23	992	26	2				
Remuíño	8.9	14.87	21.6	27	4.5	-2.3	22	361	39.0	11	312	85	97	59	25	92	917	4	56	1	-	26	2				
*Riós	4.6	9.1	18.5	27	1.2	-3.5	21	312	33.4	9	269	89	99	70	26	97	948	5	54	10	-	25	9				
San Xoán de Río	2.8	6.38	14.4	27	-0.1	-4.8	21	255	17.9	14	211	92	100	72	28	102	973	19	86	1	890	27	20				
Serra do Eixe	1.6	4.4	12.0	27	-1.0	-6.2	21	291	44.4	14	264	94	99	80	23	87	858	22	119	14	868	26	23				
Verín-Vilamaior	6.5	11.05	20.1	27	3.0	-2.0	21	293	37.8	9	243	82	95	62	27	102	961	9	63	23	945	24	2				
Verín-Vilela	7.0	12.09	20.9	27	2.3	-5.1	22	256	33.4	9	206	83	97	59	29	107	991	7	56	19	-	24	7				
Viana do Bolo	4.6	8.54	16.8	27	1.2	-3.7	21	251	32.4	14	205	83	95	64	27	102	986	14	92	14	910	26	8				
Xares	-1.9	0.45	6.2	27	-4.4	-8.7	21	143	27.8	9	123	96	99	88	21	76	897	32	121	14	812	27	30				
Xinzo	5.9	10	17.7	27	2.3	-3.3	22	253	27.9	30	--	87	99	67	--	--	910	13	67	14	939	27	4				
Xurés	3.2	6.42	15.0	27	0.5	-4.8	21	575	56.6	14	515	90	99	72	29	106	984	25	113	9	887	27	15				

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 3

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Pontevedra																												
*A Armenteira	8.3	11.3	14.8	9	4.8	-1.2	22	375	36.6	1	325	82	86	70	24	91	887	10	77	14	-	-	-	-	27	1		
A Granxa	9.7	14.05	17.6	9	5.6	-2.1	22	404	43.2	14	349	83	97	59	30	110	1015	7	61	11	1004	-	-	-	27	1		
A Lanzada	10.4	13.38	15.4	9	6.7	2.1	22	273	37.8	1	213	83	95	67	37	137	1122	23	103	10	-	-	-	-	28	0		
*Areas	9.7	14.49	19.1	27	5.7	1.0	21	422	36.6	5	-	85	97	63	-	-	-	2	50	14	-	-	-	-	27	0		
*Areiro	10.1	13.68	17.7	9	6.7	0.8	22	466	65.1	14	-	80	92	62	-	-	-	5	51	11	999	-	-	-	26	0		
*As Eiras	10.4	13.95	16.9	27	6.7	2.3	7	343	41.2	5	288	81	96	61	25	95	970	5	65	10	1002	-	-	-	27	0		
*Barrantes	9.8	13.28	17.0	9	6.0	-0.5	22	272	29.4	10	220	83	95	66	30	109	953	7	75	14	-	-	-	-	26	1		
Cabo Udra	10.7	13.55	16.0	9	7.9	3.7	22	248	37.6	14	182	81	93	65	36	134	1132	26	119	10	-	-	-	-	28	0		
Caldas de Reis	8.3	11.83	15.3	9	5.3	0.0	22	406	43.1	14	358	86	97	67	28	105	975	10	96	14	976	-	-	-	27	0		
*Camanzo	8.6	12.31	17.9	9	4.9	-1.2	22	358	31.9	1	306	83	95	66	28	105	972	10	81	11	982	-	-	-	26	1		
Cangas-Porto	11.0	13.19	16.5	9	8.1	3.9	22	265	33.3	14	-	74	89	59	-	-	-	14	99	14	-	-	-	-	27	0		
Castro Vicaludo	7.3	9.77	12.8	9	4.9	0.3	21	254	37.7	1	212	89	98	73	31	117	1004	27	131	10	952	-	-	-	29	0		
Castrove	7.1	10.34	13.8	22	4.3	1.4	2	356	36.0	14	319	90	99	75	22	83	830	12	80	14	957	-	-	-	28	0		
*Cequelifios	9.0	13.25	18.5	27	5.6	0.3	22	355	34.2	11	300	83	98	59	30	112	1018	11	91	14	-	-	-	-	26	0		
Corón	10.7	13.07	16.8	9	7.8	2.6	22	283	34.4	5	214	76	90	60	34	128	1098	20	105	14	1006	-	-	-	26	0		
*Entenza	9.5	13.99	18.5	27	5.7	0.8	21	399	48.0	1	346	86	99	64	30	110	1012	3	61	9	-	-	-	-	26	0		
Fornelos de Montes	5.4	8.34	13.8	27	2.8	0.4	21	635	67.4	9	606	92	99	77	18	69	735	22	105	14	925	-	-	-	29	0		
Illas Cíes	11.0	13.28	15.0	9	8.4	5.2	22	213	29.5	14	145	79	93	64	40	147	1166	20	102	10	-	-	-	-	28	0		
Lalín	5.9	9.53	15.7	27	2.7	-1.9	22	353	31.3	11	-	87	96	68	-	-	-	12	78	10	-	-	-	-	28	2		
*Louredo	8.5	12.16	16.2	13	5.3	0.8	22	418	50.8	1	-	89	98	70	-	-	-	3	38	24	979	-	-	-	27	0		
Lourizán	10.2	13.86	17.8	13	6.7	1.1	22	365	47.6	14	287	84	99	64	28	100	1001	5	62	30	1002	-	-	-	26	0		
Lourizán	10.2	13.86	17.8	13	6.7	1.1	22	365	47.6	14	287	84	99	64	28	100	1001	5	62	30	1002	-	-	-	26	0		
*Meder	9.6	13.81	18.5	27	6.0	1.0	22	353	49.0	1	-	76	89	57	-	-	-	4	53	14	991	-	-	-	26	0		
Monte Aloia	6.9	10.33	15.1	27	4.1	0.9	21	433	44.9	9	395	94	99	78	23	87	886	12	94	14	952	-	-	-	28	0		
Mouriscade	6.5	10.61	17.4	27	2.7	-4.0	22	392	36.8	9	343	85	90	76	30	109	996	11	72	11	948	-	-	-	27	6		
O Viso	8.4	13.08	17.7	27	5.1	-0.3	22	371	40.0	1	321	85	95	66	28	105	962	15	95	11	976	-	-	-	27	1		
Ons	10.0	12.32	14.2	13	7.5	2.8	22	255	30.8	10	194	83	96	67	41	150	1217	29	109	10	993	-	-	-	27	0		
*Pé Redondo	9.9	13.33	16.9	9	6.7	1.3	22	356	39.4	10	306	85	96	68	27	98	919	5	74	14	-	-	-	-	26	0		
Pereira	4.8	8.17	13.5	27	2.0	-1.9	22	620	72.2	14	-	96	100	81	24	91	882	-	-	-	924	-	-	-	29	3		
*Ponte Caldelas	7.8	10.96	15.0	9	4.6	0.3	22	472	52.5	14	424	81	92	65	24	90	877	9	69	14	965	-	-	-	28	0		
Pontevedra-Campolongo	10.6	15.13	19.1	27	6.9	0.7	22	408	48.0	14	-	79	95	57	-	-	-	5	70	14	-	-	-	-	26	0		
Queimadelos	7.8	11.92	16.6	22	4.8	2.0	2	409	39.4	1	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	27	0		
Rebordelo	7.3	11.22	15.3	9	3.4	-4.4	22	497	49.8	9	-	89	99	69	27	99	910	-	-	-	965	-	-	-	27	4		
Sanxenxo	10.6	13.72	16.1	9	7.6	2.0	22	274	31.2	14	215	77	91	59	30	113	965	9	76	14	1004	-	-	-	28	0		
Serra do Faro	2.8	5.92	14.6	27	0.3	-2.5	21	495	50.9	11	470	94	98	81	20	76	785	27	108	14	892	-	-	-	28	18		
*Simes	9.8	13.48	16.3	9	6.1	-0.4	22	271	29.9	14	--	83	95	65	30	110	1009	--	--	-	-	-	-	-	27	1		
*Soutomaior	9.4	12.78	16.6	9	6.2	1.5	22	376	43.7	1	-	74	86	57	-	-	-	11	58	11	987	-	-	-	26	0		
*Torrequeintás	10.2	13.54	17.5	9	6.7	0.3	22	304	34.2	1	240	73	86	57	29	108	960	9	90	14	999	-	-	-	27	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 3

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada			
*Tremoedo	9.9	13.1	16.4	9	6.2	1.1	22	266	33.3	14	-	80	95	62	-	-	-	6	59	14	999	28	0			
Vigo	10.3	13.77	16.9	9	7.2	4.1	22	285	32.4	1	-	79	93	61	-	-	-	-	-	-	-	27	0			
Vigo-Campus	7.6	10.08	13.2	9	5.2	2.1	21	388	42.1	1	338	86	98	67	31	116	1027	12	121	10	954	29	0			
Xesteiras	4.8	7.24	11.3	9	2.3	-0.4	21	405	38.9	1	-	95	100	82	-	-	-	29	136	10	-	30	1			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.